

## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 24 DE SETEMBRO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:00 horas do día 24 de setembro de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada pola presidenta o 19 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Rodríguez, suplente de D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno  
D. Óscar Couce Senra, xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 2, 4 e 11a)  
D. José Ignacio Oliveira López (asiste aos puntos 9, 10 e 11b)  
D. Rubén Pérez Correa, representante do grupo municipal mixto

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

#### **a) Procedemento aberto do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria (326-441) (emenda da documentación)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 18 de setembro de 2019, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. TEPRIL, S.L.
2. CÍES ATLÁNTICO, S.L.U.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 06:57	Páxina 1 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AD48-ECCH44-45AFB9-8M68B8-NMLCH5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Dos anteriores licitadores, ambos presentaron a documentación esixida no prazo concedido.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade, admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. TEPRIL, S.L.
2. CÍES ATLÁNTICO, S.L.U.

#### 4.- Apertura da documentación técnica

##### a) Procedemento aberto do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria (326-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao comité de expertos designado no prego de cláusulas administrativas particulares.

#### 9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliáveis mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

##### a) Procedemento aberto para a contratación da póliza de seguros para as coleccións do patrimonio cultural adscritas á Concellería de Cultura (2.357-341)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Museos, o director do Museo M. Quiñones de León e o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural o 17 de setembro de 2019 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa, se ben se deixa constancia de que a puntuación total obtida polo licitador non é a que se recolle na táboa final (60 puntos), senón na táboa anterior na que se detallan os puntos obtidos por cada criterio e a puntuación total (67 puntos).

#### 10.- Propostas de clasificación/clasificación

##### a) Procedemento aberto para a contratación da póliza de seguros para as coleccións do patrimonio cultural adscritas á Concellería de Cultura (2.357-341)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 06:57	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AD48-ECCH44-45AFB9-8M68B8-NMLCH5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 6 de setembro de 2019, de non admisión de AXA ART VERCICHERUNG AG SUCURSAL EN ESPAÑA neste procedemento por non cumprir cos requisitos de presentación das proposicións recollidos na cláusula 14 do PCAP e por ter vulnerado o segredo das proposicións previsto no artigo 139.2 da LCSP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da póliza de seguros para as coleccións do patrimonio cultural adscritas á Concellería de Cultura (2.357-341) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	MAPFRE ESPAÑA, S.A.	67.00

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MAPFRE ESPAÑA, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

## 11.- Propostas de adxudicación

**a) Procedemento aberto das obras de “Reforzo de firme na avenida Santa Mariña, do nº 104 ata o nº 204 (318-441)**

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto das obras de “Reforzo de firme na avenida Santa Mariña, do nº 104 ata o nº 204 (318-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 06:57	Páxina 3 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AD48-ECCH44-45AFB9-8M68B8-NMLCH5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 12 de setembro de 2019 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Excluir deste procedemento a NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non cumprirse os requisitos para considerala xustificada, consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial de Vías e Obras e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 9 de setembro de 2019.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto das obras de "Reforzo de firme na avenida Santa Mariña, do nº 104 ata o nº 204 (318-441) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitadores</b>	<b>Oferta</b>
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	85.872,37 €
2	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	86.924,74 €
3	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA. S.L.	90.753,34 €
4	MISTURAS OBRAS E PROYECTOS, S.A.	93.772,58 €
5	NAROM, S.L.	94.373,29 €
6	ASFALGAL TÉCNICOS VIARIAS, S.L.	96.519,73 €
7	VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA	96.982,06 €
8	CONSTRUCCIONES FECHI, C.L.	98.178,70 €
9	CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	98.978,00 €
10	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	106.867,20 €
11	HORDESCON, S.L.	109.369,99 €

*Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 06:57	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AD48-ECCH44-45AFB9-8M68B8-NMLCH5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., o día 12 de setembro de 2019, que presenta a documentación requirida o 17 de setembro, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 24 de setembro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas a través de fórmula, de data 9 de setembro de 2019.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. o procedemento aberto das obras de "Reforzo de firme na avenida Santa Mariña, do nº 104 ata o nº 204 (318-441) por un prezo total de 85.872,37 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 06:57	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AD48-ECCH44-45AFB9-8M68B8-NMLCH5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

14.903,47 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

### **b) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (2.563-341)**

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (2.563-341)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 18 de setembro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (2.563-341) na seguinte orde descendente:*

	<b>LICITADORES</b>	<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>
1	SERVICIOS SECURITAS S.A.	100.00
2	EULEN S.A.	80.55

**Segundo.-** Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, *SERVICIOS SECURITAS S.A.*, para que presente, no prazo de 7 días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

1. Acreditación da constitución garantía definitiva.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 06:57	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AD48-ECCH44-45AFB9-8M68B8-NMLCH5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



2. *Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo V.*
3. *Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo VI".*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS SECURITAS S.A., o día 18 de setembro de 2019, que presenta a documentación requirida nas datas 19 e 23 de setembro, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 24 de setembro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SERVICIOS SECURITAS S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SERVICIOS SECURITAS S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas a través de fórmula de data 18 de setembro de 2019.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 06:57	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AD48-ECCH44-45AFB9-8M68B8-NMLCH5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

"Adxudicar a **SERVICIOS SECURITAS S.A.** o procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (2.563-341) coas seguintes condicións:

1. O prezo total do contrato é de 92.598,35 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 16.070,79 euros. Os servizos de atención ao público ascenden a 79.597,27 euros (13.814,40 de IVE) e os servizos de coordinación a 13.001,08 euros (2.256,39 euros de IVE).
2. Comprométese a por a disposición do servizo as seguintes horas sen custo para o Concello:
  - 110 horas laborables diúrnas
  - 90 horas festivas diúrnas
3. Comprométese á realización de estudos de público usuario conforme ao previsto no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP.
4. Comprométese a por a disposición do servizo 20 audioguías cos requisitos esixidos no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP.
5. Comprométese a impartir unha acción formativa específica presencial para o persoal de servizos de atención ao público relacionada coas materias recollidas no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 06:57	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AD48-ECCH44-45AFB9-8M68B8-NMLCH5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		